

**GUIÓN DÍA DA BIBLIOTECA 23/2017  
CELEBRAÇÃO DO DÍA INTERNACIONAL DA BIBLIOTECA**



Baixo o lema “**Contos: conta comigo, conto contigo**”, que estará exposto no *hall* da entrada.

**Ao longo da mañá**

Traballo nas aulas sobre as grandes bibliotecas do mundo, onde poderán ver como son algunas delas (a criterio do titor/a).

**Despois do recreo**

Subiremos á biblioteca na que se levará a cabo a presentación da nosa biblioteca, por parte dos/as voluntarios/as da mesma, cara ao novo alumnado e tamén presentaremos o proxecto deste ano:

**“AO REDOR DO MUNDO CON TOLOLEO EN BUSCA DE TEAS PARA UN TRAXE NOVO”.**

Para iso virá Tololeo a visitarnos e contarnos moitas cousas.

En concreto, realizarase o visionado do primeiro capítulo desta nova tempada, da serie de animación en 3D das Aventuras de Tololeo e Mafalda realizada cs personaxes da nosa biblioteca: Tololeo e Mafalda.

A continuación, iremos ao patio do colexio, onde nos esperarán un montón de libros no chán (que precisamente terán colocado os membros do equipo de biblioteca) aos que poderemos achegarnos para ler todos/as, de xeito individual e/ou grupal como desexe cada un/ha.

No caso de Educación Infantil, serán os/as voluntarios/as quenes irán con grupos de nenos/as destes cursos para lerlles contos.

Trátase en definitiva de achegar o mundo dos contos, da lectura, xa sexa compartida ou individual a toda a comunidade educativa.